



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Marzo 2023

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un incremento do 15,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 9,8 puntos á do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 9,8%, 2,2 puntos máis que no mes anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de marzo.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,1% e en España un 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En quince comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de marzo.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un incremento do 15,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 9,8 puntos á do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 9,8%, 2,2 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 15,6%, suma 11,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 13,7% e achegan 3,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 9,0% e nos *Outros servizos* o 11,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 16,6%, co que achega 9,4 puntos a taxa de variación do índice xeral, o *Comercio ao retalho* cun incremento do 8,4% achega 1,3 puntos e a *Venta e reparación de vehículos de motor* achega 1,0 puntos, cunha taxa do 27,2%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 4,8%, o *Comercio ao retalho* o 12,1% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 33,6%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 13,7%. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Información e comunicacións* (-1,3%). As taxas máis elevadas danse en: *Transporte* (19,1%) e *Hostalería* (16,8%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 11,5%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos prodúcense na *Hostalería* (18,2%) e no *Transporte* (14,1%).

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral crece un 13,7% en Galicia, máis que en España (10,1%). Os maiores incrementos en Galicia rexístranse no *Comercio por xunto* (16,0%) e na *Hostalería* (17,6%). En España *Venta e reparación de vehículos de motor e Hostalería* mostran as taxas máis altas, 24,8% e 20,3% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 13,4% no mes de marzo.


Todos os sectores rexistran taxas positivas; os que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 15,1% co que achega 6,6 puntos e o *Transporte*, que cunha taxa do 21,2% suma 4,4 puntos a taxa de variación anual..

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 15,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 13,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de marzo aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Asturias (23,4%) e Illes Balears (22,7%). Dúas comunidades crecen menos que a media nacional: Madrid (3,9%) e País Vasco (8,9%).

No primeiro trimestre do ano, os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (22,8%) e Canarias (18,4%) e as taxas máis baixas prodúcense en Madrid (6,2%) e Extremadura (6,8%).

Índices de cifra de negocios. Marzo 2023

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,1% respecto ao mes de marzo de 2022, un punto menos que en España (2,1%).

O persoal ocupado crece un 1,5% no *Comercio* e un 0,7% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (2,6%), *Comercio por xunto* (2,5%) e *Información e comunicación* (2,5%). As actividades con redución do emprego son *Venta e reparación de vehículos de motor* (-2,1%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-2,2%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,4%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (4,1%) e *Transporte* (3,8%).



No que vai de ano, o emprego aumenta un 0,9% en Galicia, un punto menos que no conxunto do Estado (1,9%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


En todas as comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de marzo agás Cantabria (-0,3%) e Aragón (-0,1%).

As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (5,2%), Canarias (3,4%) e Madrid (3,3%)

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (5,7%) e Canarias (3,9%). Dúas comunidades perden persoal ocupado, Aragón (-0,6%) e Cantabria (-0,7%).

Índices de persoal ocupado. Marzo 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	180,0	15,1	13,7
Comercio	178,4	15,6	14,5
Venta e reparación de vehículos de motor	148,2	27,2	11,9
Comercio por xunto	202,6	16,6	16,0
Comercio ao retallo	124,4	8,4	9,6
Outros servizos	184,3	13,7	11,6
Transporte	266,6	19,1	14,6
Hostalería	109,8	16,8	17,6
Información e comunicacións	131,8	-1,3	-1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	154,2	4,1	5,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,5	12,1	11,8
España			
Xeral	153,6	9,8	10,1
Comercio	160,9	9,0	9,3
Venta e reparación de vehículos de motor	166,1	33,6	24,8
Comercio por xunto	175,9	4,8	6,0
Comercio ao retallo	130,2	12,1	12,6
Outros servizos	140,2	11,5	11,8
Transporte	151,7	14,1	10,7
Hostalería	114,2	18,2	20,3
Información e comunicacións	130,7	5,7	6,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	160,0	8,1	11,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	134,3	13,5	15,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por IGE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	157,1	13,4	11,8
Comercio	162,8	15,1	13,2
Transporte	216,6	21,2	15,1
Hostalería	115,5	16,4	17,4
Información e comunicacións	138,1	0,8	0,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	156,2	3,0	4,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,6	4,3	2,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por IGE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	153,6	9,8	10,1
Andalucía	156,0	14,1	13,6
Aragón	156,7	9,9	10,7
Asturias	153,7	23,4	15,1
Baleares, Illes	120,4	22,7	22,8
Canarias	139,7	11,5	18,4
Cantabria	157,0	14,5	10,9
Castilla y León	139,3	11,9	11,0
Castilla-La Mancha	158,8	12,9	11,0
Cataluña	150,7	10,1	10,7
Comunitat Valenciana	155,6	10,8	7,9
Extremadura	150,5	10,5	6,8
GALICIA	180,0	15,1	13,7
Madrid	154,5	3,9	6,2
Murcia	159,1	15,3	10,6
Navarra	161,7	10,6	12,5
País Vasco	155,9	8,9	9,8
Rioja, La	165,0	11,4	8,5

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,6	1,1	0,9
Comercio	110,3	1,5	1,3
Venta e reparación de vehículos de motor	95,7	-2,1	-2,8
Comercio por xunto	124,4	2,5	2,4
Comercio ao retalho	105,1	1,5	1,3
Outros servizos	105,5	0,7	0,7
Transporte	100,8	1,5	-1,4
Hostalería	93,0	1,0	3,0
Información e comunicacións	118,1	2,5	2,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,4	2,6	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,7	-2,2	-2,7
España			
Xeral	109,5	2,1	1,9
Comercio	107,4	1,5	1,3
Venta e reparación de vehículos de motor	105,9	1,2	1,3
Comercio por xunto	112,4	1,7	1,5
Comercio ao retalho	104,5	1,5	1,2
Outros servizos	110,9	2,4	2,3
Transporte	112,6	3,8	3,1
Hostalería	100,8	3,3	3,6
Información e comunicacións	121,7	4,1	4,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,6	3,0	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,6	-0,4	-0,8

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,5	2,1	1,9
Andalucía	107,4	1,9	1,9
Aragón	106,6	-0,1	-0,6
Asturias	104,8	1,2	1,0
Baleares, Illes	102,8	5,2	5,7
Canarias	107,2	3,4	3,9
Cantabria	105,0	-0,5	-0,7
Castilla y León	102,1	0,3	0,3
Castilla-La Mancha	110,7	2,3	2,0
Cataluña	112,1	1,7	2,0
Comunitat Valenciana	109,7	1,3	0,4
Extremadura	107,8	1,9	1,8
GALICIA	107,6	1,1	0,9
Madrid	112,9	3,3	3,1
Murcia	115,9	2,9	1,1
Navarra	109,8	1,8	0,9
País Vasco	106,8	1,9	1,6
Rioja, La	107,3	0,9	0,4

Fonte:INE